

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de outubro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2029).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(2030).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 147199/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/10/17, dáse conta do informe-proposta do 20/10/17, asinado polo Asesor Xurídico Adxunto de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo acordou, en sesión do 13.07.2012, adxudicar á mercantil “CLECE, S.A.” o contrato de servizos do Servizo de Intervención familiar por un prezo total de 1.931.339,72 € e un prazo de execución de catro anos, prorrogables por outros dous anos máis (Exp. nº 59058/301).

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 19.10.2012, establecéndose como data de inicio do mesmo o 01.11.2012 e prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento (cláusulas 4 e 5).

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial mediante prórrogas (ata un máximo de dous anos), sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da «data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas».

I.4. Así, na súa sesión ordinaria do 23.09.2016, a Xunta de Goberno Local acordou autorizar expresamente unha primeira prórroga deste contrato para o periodo 01.11.2016 – 31.10.2017, nas mesmas condicións e cun gasto total de 507.481,59€ (Exp. nº 129930/301).

I.5. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 147199/301 (2017) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política Social do 20.10.2017, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil “CLECE, S.A.” e do Prego de cláusulas administrativas particulares (parte).
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 24.04.2017 (doc. nº 170058922) polo representante de “CLECE, S.A.”, D. José Vicente Ortega Rey, solicitando unha segunda prórroga anual deste contrato.
- Escritura de poder outorgada por “CLECE, S.A.” a favor, entre outros, do Sr. Ortega Rey, autorizada polo notario de Madrid D. Carlos del Moral Carro o 30.10.2002.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN

III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fazendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. A Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

## III.2. PRÓRROGA (2ª) DO CONTRATO DE SERVIZOS DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR: XUSTIFICACIÓN

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.2. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.3. O contrato formalizado con “CLECE, S.A.” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de catro (4) anos desde a súa data de inicio (01.11.2012). Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante prórroga ata un máximo de dous anos e, de feito, xa foi autorizada unha primeira prórroga para o período 01.11.2016 – 31.10.2017.

III.2.4. Tanto a Xefatura da Área de Benestar social como a Concelleira de Política Social consideran conveniente autorizar a prórroga por un ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos que estanse a prestar ós menores e ás súas familias.

II.2.5. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 19.10.2012, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación.

Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos (cláusula 29 PCAP e 3.J FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).

III.2.6. O gasto representado por esta segunda prórroga, que é de 510.526,48 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.07 (“Programa menores – convenio infancia”) dos vixentes orzamento municipais.

III.2.7. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.8. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

#### IV. CONCLUSIONES

Entendemos que resultaría axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un ano máis o contrato do Servizo de Intervención familiar celebrado o 19.10.2012 polo Concello de Vigo coa mercantil "CLECE, S.A.", toda vez que:

- a) A posibilidade de prorrogar o contrato está expresamente prevista no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta segunda prórroga proposta.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

##### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.11.2017 ata o 31.10.2018, o contrato de servizos do Servizo de Intervención familiar adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 13.07.2012 á entidade "CLECE, S.A." (CIF nº A-80364243), formalizado en documento administrativo o 19.10.2012, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares, e facendo constar que as melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, enumeradas no contrato, seguen a operar no período da prórroga.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 510.526,48 € que representa esta segunda prórroga anual a favor de "CLECE, S.A.", que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.07 ("*Programa menores – convenio infancia*") dos vixentes orzamento municipais, correspondendo 85.087,75 € ó exercicio de 2017 (01.11.2017 – 31.12.2017) e 425.438,73 € ó de 2018 (01.01.2018 – 31.10.2018).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(2031).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “6ª EDICIÓN DO MUSHING ALEJANDRO GÓMEZ” O DOMINGO 29 DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 16406/333.**

Dáse conta do informe-proposta de data 25/10/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Club Alejandro Gómez, con CIF (G-27733799), solicitou o día 12-09-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170125083), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 6º edición MUSHING ALEJANDRO GÓMEZ
- Data: 29 de outubro de 2017
- Horario: 9.15 A 12.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **sábado 29 de outubro de 2017**, a proba terá a súa saída dende o campo de fútbol de San Cosme en dirección Vilariño e seguir pola circunvalación ao Campus Universitario para rematar de novo no campo de fútbol de San Cosme.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club Alejandro Gómez, con CIF (G-27733799), a organizar o vindeiro domingo 29 de outubro de 2017, o evento deportivo denominado 6º EDICION DO MUSHING ALEJANDRO GÓMEZ, a proba comenará ás 9.15h, tendo a súa saída dende o campo de fútbol de San Cosme para seguir por Vilariño, circunvalación ao Campus Universitario e rematar no campo de fútbol de San Cosme.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(2032).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ÁRBORES, ARBUSTOS E PLANTA DE TEMPADA. EXPTE. 9309/446.**

Visto o informe de fiscalización do 25/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do*



subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446) na seguinte orde descendente:

| Licitadores              | Puntuación |
|--------------------------|------------|
| JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA   | 98,71      |
| PLANTAS DE LEVANTE, S.L. | 96,02      |
| CALFENSA PROYECTOS, S.L. | 84,03      |
| VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.  | 3,58       |

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Terceiro.-* Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.004,28 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, o día 6 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 18 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, como a solicitada de oficio pola

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 28 de setembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, o procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 130.000,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.561,98 euros, cunha baixa proporcional única do 24% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na cláusula 2 do prego de prescricións técnicas particulares.*
- b) Propón unha redución do prazo de entrega dos subministros fixado no punto 18.B.2 do Anexo i -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares de 8 días (quedando o prazo de entrega en 2 días).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(2033).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE BANCOS. EXPTE. 9329/446.**

Visto o informe de fiscalización do 25/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446) na seguinte orde descendente:*

| Licitadores                            | Puntuación |
|--|------------|
| NOVATILU, S.L.U.                       | 100        |
| GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. | 64,03      |

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOVATILU, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 993,35 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOVATILU, S.L.U., o día 6 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NOVATILU, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NOVATILU, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 27 de setembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NOVATILU, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 165.000,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.636,36 euros, cunha baixa proporcional única do 28,42% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares.*

b) *Propón un incremento do prazo de garantía mínimo fixado no prego de cláusulas administrativas particulares de 2 anos e 6 meses (en total 4 anos e 6 meses).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(2034).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PERMUTA DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CO NP 79353. EXPTE. 30527/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/10/17, asinado pola técnica media de Relación Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

En escritos de datas 08/08/2017 e 11/08/2017 (documentos nº 170111258 e 170112742) D. Jose Igor Souto López, con nº de persoal 79353, funcionario de carreira do Concello de Vigo, con praza de policía e posto de traballo de policía, adscrito á Área/Servizo de Seguridade e Mobilidade solicita a autorización de permuta con D. Santiago Pereira Castro, funcionario de carreira do Concello da Coruña

2.- Comprobado o expediente persoal do solicitante obrante na Área de Recursos Humanos e Formación, resultan os datos seguintes:

-tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira do Concello de Vigo.

-praza: Policía, subgrupo C1, Escala de Administración Especial.

-posto de traballo actual: Policía.

- Suescala e categoría de pertenza: Servizos Especiais, Policía Local

3.- Comprobados os datos relativos ao funcionario D. Santiago Pereira Castro, do Concello da Coruña, aportados por este, consta o seguinte:

-tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira do Concello da Coruña.

-praza: Policía, subgrupo C1, Escala básica de Administración Especial.

-posto de traballo actual: Policía.

-Subescala e categoría de pertenza: Servizos Especiais, Policía Local

4.- Constan os informes favorables do Concello de Vigo do Sr. Intendente da Policía Local de data 01/09/2017, do Sr. Xefe acctal. da Policía Local do Concello da Coruña e certificación do informe favorable da Xefa do Servizo de Persoal do Concello da Coruña de datas 26/09/2017.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- PERMUTAS:

–Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

–Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policía Local de Galicia, modificada por Lei 9/2016, do 8 de xullo, en cuxo artigo 44 contéplase que:

“Los alcaldes, previo informe de los respectivos jefes de la Policía local, podrán autorizar la permuta de destinos entre los miembros correspondientes de los cuerpos de Policía local o agentes de policía en activo que sirvan en diferentes ayuntamientos, siempre y cuando cumplan los siguientes requisitos:

- a) Que ambos sean funcionarios de los cuerpos de Policía local.
- b) Que pertenezcan a la misma escala y categoría.
- c) Que a ninguna de las personas que pretendan la permuta le falten menos de cinco años para cumplir la edad de jubilación forzosa.
- d) Que a ninguno de los solicitantes se le esté incoando un expediente disciplinario.
- e) No podrá solicitar una nueva permuta ninguno de los permutantes hasta que transcurrieren cinco años desde la obtención de una anterior.”

### II.- CONCLUSIÓNS:

Vista a documentación aportada, e verificado o cumprimento dos requisitos legais establecidos ao efecto, procede a autorización da permuta solicitada, segundo os antecedentes expostos e a motivación legal indicada.

### III.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estén expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á mesma a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Autorizar a permuta solicitada en escritos de datas 08/08/2017 e 11/08/2017 (documentos nº 170111258 e 170112742) polo funcionario municipal D. Jose Igor Souto López, con nº de persoal 79353, con praza de policía e posto de traballo da mesma denominación, adscrito ao Servizo de Policía Local da Área de Seguridade e Mobilidade, e polo funcionario de carreira do Concello de Coruña, D. Santiago Pereira Castro, con DNI \*\*\*\*\*487-

B, con praza de policía e posto de traballo da mesma denominación da citada entidade local, de conformidade cos informes favorables e documentación incorporados ao expediente, tendo a mesma efectos económicos e administrativos de data 02/11/2017.

**Segundo.-** Solicitar do Concello da Coruña a expedición de copia completa e autenticada do expediente persoal de D. Santiago Pereira Castro dispoñendo asemade a remisión de copia en idénticos termos do expediente persoal do funcionario municipal D. Jose Igor Souto López á referida entidade local.

**Terceiro.-** Informar aos solicitantes que, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policíaas Locais de Galicia, modificada por Lei 9/2016, do 8 de xullo, quedan sometidos ás condicións seguintes:

-Non poderán solicitar unha nova permuta ningún dos permutantes ata que transcorresen cinco anos dende a obtención dunha anterior.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo aos interesados/as, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, xefaturas das Áreas/Servizos correspondentes, e ao Concello de Pontevedra aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(2035).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA O PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE VIGO VERTICAL: CONEXIÓN RÚA SAN SALVADOR PRAZA ISABEL A CATÓLICA, VIGO. EXPTE. 4694/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 24/10/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras para o proxecto de desenvolvemento urbano sostible Vigo Vertical: conexión rúa San Salvador praza Isabel A Católica, Vigo (4.694-440) na seguinte orde descendente:

|    | Licitadores                                  | Puntuación |
|----|--|------------|
| 1  | ORECO, S.A.                                  | 94,46      |
| 2  | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.               | 93,87      |
| 3  | CIVIS GLOBAL, S.L.                           | 94,14      |
| 4  | HIDROMIÑO, S.L.                              | 93,53      |
| 5  | AVAN INTEGRAL, S.L.                          | 93,13      |
| 6  | PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.              | 93,13      |
| 7  | XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.         | 91,42      |
| 8  | ORESA, S.L.                                  | 89,44      |
| 9  | C. D. INDEPO, S.L.                           | 88,50      |
| 10 | CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.                 | 86,57      |
| 11 | COPCISA, S.A.                                | 84,93      |
|    | UTE EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.- | 84,45      |
| 12 | EXCAVACIONES DARIO, S.L.                     |            |
| 13 | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.       | 78,65      |

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.143,11 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### **8(2036).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI IV-01 SAN ROQUE A “AREA DE REPARTO 2”. EXPTE. 5195/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/17, asinado pola da técnica de Admón. Xeral, o xefe de Urbanización e Infraestructuras e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:



Con data do 29.07.2002, o Pleno do Concello de Vigo acordou, entre outros pronunciamentos, prestar aprobación definitiva á Modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93), na súa versión de abril 2002, referida ó ámbito IV-01-San Roque, redactada polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento da XMU (Expte- 6527/411).

O 28.6.2004 o Pleno do Concello de Vigo, acordou, no que aquí nos interesa, aprobar definitivamente o <PERI IV-01-San Roque A>, de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo. Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 15.05.2006, acordou: "(...) *Aprobar definitivamente o proxecto de Urbanización da "Área de reparto 2 do PERI IV-01 San Roque", promovido polas empresa "Doblada S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A.", "Invoga, S.A.", elaborado por Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García e visado polo COAG en data 15 de xuño de 2004 e 7 de xaneiro de 2005. A eficacia deste acordo condicionábase ao depósito dunha garantía por importe do 20% do orzamento de execución por contrata, no prazo que nel se sinala (...)* (Expte- 4553/401).

Constan incorporados ao expediente os xustificantes de constitución dos avais que no referido acordo de aprobación definitiva se fixaban para responder da correcta execución destas obras de urbanización, polos importes correspondentes.

En sesión ordinaria do 03.05.2010 a Xunta de Goberno Local acordou, por proposta do enxeñeiro Director dos Servizos técnicos da XMU de data 26.04.2010, aceptar a recepción parcial das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do PERI IV – 01 SAN ROQUE A- ÁREA DE REPARTO 2 (FINCA PIZARRO), identificadas como "Fase 1ª", nas condicións que expresamente se indicaban nos apartados segundo, terceiro e cuarto da parte dispositiva do acordo (Expte- 4968/401).

O día 03.12.2010, a Xunta de Goberno Local, acordou a recepción parcial das obras de urbanización do nomeado polígono, identificadas como "Fase 2ª", declarando que o dito acordo non constituía título para a cancelación da obriga das entidades participantes na súa xestión urbanística de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización, nin implicaba o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras e tampouco sería título para a devolución dos avais presentados.

Con data do 25.03.2011, a Xunta de Goberno Local acordaba, entre outros, desestimar os recursos de reposición interpostos polas entidades promotoras "VALLEHERMOSO, SAU", "VIQUEIRA INMUEBLES, S.A." e "INVOGA, S.A." contra o dito acordo da Xunta de Goberno Local de día 03.12.2010, amentado no parágrafo anterior.

O 26.02.2014, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 1 de Vigo ditou sentenza nos autos do P.O. 68 e 246/2011 pola que se estima parcialmente os recursos interpostos polas promotoras "VIQUEIRA INMUEBLES, S.A." e "VALLEHERMOSO DIVISIÓN PROMOCIÓN, S.A.U", con intervención, como codemandada, de "INVOGA, S.A.", contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 23.03.2011, declarando axustado a dereito salvo no relativo ao inicio do cómputo do prazo de garantía, que comezará no momento da recepción parcial, aínda que limitado ás concretas obras de urbanización recibidas.

O día 11.09.2014, o TSXG ditou sentenza estimando o recurso de apelación interposto pola mercantil "VIQUEIRA INMUEBLES, S.A" contra a sentenza do 26.02.2014 do XCA nº1 de Vigo, revocándoa en parte no senso de estender a declaración de non conformidade aos apartados terceiro e cuarto do acordo municipal do 13.12.2010 que soamente poderán aplicarse na parte da urbanización que non fora realizada e o importe do aval prestado deberá minorarse do modo que corresponda ao das obras de urbanización aínda non realizadas.

Neste senso, en data 20.04.2015 a Vicepresidenta desta XMU resolveu, acceder, en execución da sentenza do 11.09.2014 do TSXG que revocou en parte a ditada o día 26.02.2014 polo XCA nº1 de Vigo, á solicitude presentada telemáticamente o día 28.11.2014 por D. Clemente Pousa Pereira, en representación da mercantil "VIQUEIRA INMUEBLES, S.A", consentindo a substitución do aval constituído pola dita mercantil o día 28.07.2006 por importe de 480.906,07 euros en garantía das obras de urbanización do PERI IV-01 SAN ROQUE A, área de reparto 2 (núm. de operación. 200600036811) polo aval depositado o día 15.04.2015 na Tesourería Xeral por importe de 106.616,88 euros (núm. de operación 201500025008), de acordo co informe emitido o 09.03.2015 polo Xefe de Urbanización e Infraestruturas.

Consta incorporado ao expediente tramitado baixo o núm. 3520/433 de Recepción definitiva da urbanización finca Pizarro, no PERI IV San Roque, Área de reparto 2, a seguinte documentación: Informe do enxeñeiro director das obras de data 01.06.2017, acta de urbanización asinada conxuntamente pola propiedade, o enxeñeiro director das obras e o contratista- adxudicatario en data 01.06.2017, documentación técnica achegada o 06.06.2017 no rexistro xeral do concello de Vigo (doc. 17008014) datada en xuño de 2017 que inclúe, o antedito informe do enxeñeiro director, planos do estado final das obras, escadas e ascensor, reportaxe fotográfica e certificados do control de calidade efectuados.

Asemade, obran no expediente a emisión dos seguintes informes municipais, que de seguido se relacionan, e a cuxo íntegro contido nos remitimos:

- Informe do servizo municipal de limpeza do 23.06.2017,
- Informe do servizo de seguridade e mobilidade do 03.07.2017,
- Informe do servizo de Montes, parques e xardíns do 03.10.2017,
- Informe dos servizos enerxéticos do 29.10.2017,
- Informe da OSPIO do 20.10.2017,

e os informes subscritos polas empresas concesionarias, Unión Fenosa e Aqualia de datas 14 e 28 de xullo respectivamente.

Así as cousas, con data do 24.10.2017 (doc. 170145090) a representación da entidade "Pizarro Gestión, SL", achegaba escrito a través do rexistro desta XMU polo que solicita a recepción definitiva das obras de urbanización que nos ocupan.

Elevado o expediente aos servizos técnicos da XMU, con data do 24.10.2017 o Xefe de Urbanización e Infraestruturas, emite informe a solicitude de recepción instada, do que extractamos a continuación o seu contido,

*"(...) Con fecha, 15 de Octubre de 2004, las sociedades DOBLADA S.A., VALLEHERMOSO DIVISION PROMOCION S.A., e INVOGA S.A., presentan para su tramitación el Proyecto de Urbanización ( Exp – 4553/401 ) que desarrolla las previsiones contenidas en el Poligono 4 – PERI IV – 01 SAN ROQUE A - Area de Reparto 2 ( Exp – 8159/411 ) aprobado definitivamente en sesión plenaria del 28 de Junio de 2004.*

*La Junta de Gobierno Local en sesión de 15/05/06 aprobó definitivamente dicho Proyecto.*

*La ejecución material de ese Proyecto de Urbanización ha dado lugar al fraccionamiento del mismo, que se ha ido realizando al ritmo de la ejecución de las edificaciones contenidas en ese Area de Reparto 2, de tal modo que hasta la fecha existen dos recepciones Parciales, a saber Fase 1 en fecha 03/05/10 ( acuerdo de la XGL Exp – 4968/401 ), y Fase 2 en fecha 03/12/10 ( acuerdo de la XGL Exp – 4998/401 ).*

*La superficie que resta por urbanizar, objeto de este informe y de la solicitud de Recepción Definitiva, está ligada a la ejecución de la tercera edificación ( Exp – 83505/421 ).*

Con fecha 24/10/17 ( Nº Doc 170145090 ) Pizarro Gestión S.L. solicita la recepción definitiva de las obras de urbanización.

Remitida la documentación relativa al seguimiento de la ejecución de las obras por la Oficina de Supervisión de Proyectos, Inspección Técnica de Obras y Asistencia Municipal, consta informe favorable de la misma, informe del Director Facultativo de las obras Alberto Moreno Garcia, Acta de recepción del promotor de las obras al contratista de las mismas, amplio reportaje fotografico, y documentos acreditativos del control de calidad.

Así mismo se acompañan los informes favorables de los diferentes departamentos municipales de Limpieza, Montes, Parques y Jardines, Servicios Energéticos, Seguridad y Movilidad, y de las compañías AQUALIA y UNION FENOSA.

Los ajustes realizados en obra, y recogidos en los planos que acompañan el informe del Director Facultativo, se consideran no sustanciales respecto al proyecto original.

Hay que señalar que en esta urbanización se han instalado una escalera mecánica y un ascensor, previstas en el Proyecto de Urbanización, y cuyo mantenimiento futuro se integra en las competencias municipales de conservación del resto de la zona verde.

También indicar que la superficie de los forjados superiores del centro comercial, de uso público, se trata como una cesión de uso de superficie sometida a su regulación particular.

Desde el punto de vista urbanístico no existe inconveniente en acceder a lo solicitado.”

Finalmente, con data do 24.10.2017, levantouse a acta de recepción das obras de urbanización do PERI IV-01 San Roque A, Area de reparto 2 (finca Pizarro), asinada conxuntamente polo Xefe de urbanización e infraestruturas da XMU e o representante da entidade “Pizarro Gestión SL”, na súa calidade de promotor das obras, de conformidade co disposto no artigo 231 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Compre indicar que segundo documento privado incorporado ao expediente, asinado polas entidades “Vallehermoso división promoción, S.A.U”, “Viqueira Inmuebles, SA” e “Pizarro Gestión, SL”, as mesmas acordan, entre outros extremos, e no que aquí nos ocupa que, “Pizarro Gestion” realizará as obras de urbanización pendentes, xunto coa obra do seu edificio, segundo o proxecto presentado no Concello de Vigo, e informado favorablemente; obrigándose asemade, a entidade Pizarro a tramitar todo o procedemento preciso para a terminación das obras e a súa entrega ao Concello de Vigo.

## **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I. Normativa examinada.

- RDLex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e regulamentos de aplicación. LSG
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- R.D.Lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.

- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010).
- O resto de disposicións que poidan afectar.

## II. Recepción das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG e 223 do seu Regulamento de desenvolvemento, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

En similares termos, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes. A terminación presumírase á recepción das obras pola Administración ou, no seu defecto, ao termo do prazo no que debera terse producido a recepción dende a solicitude acompañada de certificación expedida pola dirección técnica das obras.

Asemade, de conformidade co artigo 231.2 do Decreto 143/2016, as recepcións expresas deberán formalizarse nunha acta de cesión das obras de urbanización, do xeito e co resultado que se describe no relato de feitos da presente.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recepción das obras de urbanización é marcadamente técnica, pois a verificación da conformidade das obras de urbanización co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, o Xefe de Urbanización e Infraestruturas expón a súa conformidade á recepción mediante informe de data 24.10.2017 e acta de recepción da mesma data. Considerando que para a recepción das obras urbanizadoras deberá acreditarse que estas se atopan rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, atopámonos ante comprobacións exclusivamente técnicas, sen que por razón da materia e visto o carácter técnico destas comprobacións, proceda formular proposta xurídica ningunha, correspondendo realizar a proposta, aos técnicos do servizo de Urbanización e Infraestruturas.

## III. Cancelación de garantías

De acordo co disposto no artigo 96 da LSG, a garantía non será devolta ou cancelada ata que, producida a recepción das obras, transcorrese un ano de garantía das obras. O incumprimento polo promotor do sistema das obrigas de urbanización, incluso no prazo de garantía, provocará a incautación por parte do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da facultade que asiste ao municipio de dirixirse contra o promotor no caso de que a garantía non resultase suficiente para atender as responsabilidades expostas.

Durante o prazo de garantía o promotor do sistema de actuación responderá de cantos defectos e vicios de construción sexan apreciados, debendo reparalos ou corrixilos.

IV. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

### **PROPOSTA**

Por canto antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Prestar conformidade á acta de cesión asinada o día 24.10.2017 e recibir as obras de urbanización do «PERI IV-01 Baixada a San Roque A, Área de reparto 2», segundo o proxecto de urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 15.05.2006, promovido polas empresa "Doblada S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A." e "Invoga, S.A.", elaborado por don Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García e visado polo COAG en data 15 de xuño de 2004 e 7 de xaneiro de 2005, de acordo co informe emitido o 24.10.2017 polo Xefe de Urbanización e Infraestruturas, comenzando dende a adopción deste acordo o prazo de garantía normativamente establecido. A recepción enténdese sen prexuízo das accións que asistan á Administración ou aos propietarios por danos derivados de vicios ocultos.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

**TERCEIRO:** Dar traslado do presente acordo á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Servizos Enerxéticos, Servizo de Limpeza, Mobilidade e Seguridade, Transportes, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e asistencia municipal, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, esta proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 26/10/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: O Consello, por unanimidade, acorda elevar o presente acordo á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(2037).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9825/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

**1.- Antecedentes.**

Con data 29.11.2016 a Vicepresidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo remitiu á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio (CMAOT) da Xunta de Galicia, solicitude de subvención total para contratar os traballos de Revisión do PXOM de 1993, así como a sinatura do convenio correspondente entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para formalizar dito acordo de financiamento.

A Dirección xeral de ordenación do Territorio e urbanismo, en oficio de data 31.03.2017, manifestou a dispoñibilidade á sinatura dun convenio que acadase o 50% dos honorarios do equipo de redacción do futuro PXOM.

Con datas 8 e 30 de maio de 2017 remitíronse escritos á Xunta de Galicia reiterando a solicitude de sinatura dun convenio para continuar coa redacción do novo Plan Xeral, achegando proposta de convenio e solicitando a supervisión e tramitación do mesmo.

O 19.10.2017 a Vicepresidente desta Xerencia de urbanismo dirixiu oficio á Directora Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo da CMAOT da Xunta de Galicia, dando cumprimento ao acordo adoptado polo Consello da XMU na mesma data, reiterando a solicitude da sinatura dun convenio para continuar coa redacción do novo Plan Xeral.

Con data 20.10.2017 recíbese por correo electrónico borrador do texto definitivo do convenio, que é obxecto de informe xurídico o 23.10.2017 (informe asinado pola técnico de administración xeral do servizo de Planeamento-Xestión e conformado polo Secretario).

Incorpórase tamén ó expediente, en cumprimento do disposto polo artigo 50.1 da Lei 40/2015, memoria asinada pola citada técnica de administración xeral e o xefe dos Servizos Centrais, comprensiva de:

- Análise da necesidade e oportunidade da subscrición de dito convenio.
- Impacto económico.
- Carácter non contractual da actividade paccional a subscribir.

De conformidade coa normativa vixente e co previsto pola base 40ª das de execución orzamentaria, o convenio será suscrito polo Alcalde-Presidente. Previo informe de fiscalización, pola súa transcendencia económica, o texto deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da Xerencia.

## **2.- Proposta.**

De conformidade co antedito, propónse ó Consello da Xerencia que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar o texto do convenio, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título: *CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO*”.

Con data 26/10/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: O Consello, por unanimidade, acorda elevar o presente acordo á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO:

*“CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO.*

VIGO a        de        de 2017

#### REUNIDOS

*Dunha parte o Excm. Sra. D<sup>a</sup>.Betriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.*

*Doutra parte o Ilmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,*

#### EXPOÑEN

*I.- As administracións urbanísticas asinantes son conscientes, de que a notificación ao Concello da Sentenza do Tribunal Supremo do día 10.11.2015, Recurso de Casación núm. 1658/2014, que declara a nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con aprobación definitiva parcial mediante Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16.05.2008 (anuncio publicado no DOGA do día 03.06.2008 e normativa publicada no BOP num. 151-anexo do día 06.08.2008) e aprobación definitiva mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do día 13.07.2009 (anuncio publicado no DOGA do día 24.07.2009 e normativa publicada no BOP do día 10.09.2009) tivo como consecuencia directa a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo da Xunta de Galicia do día 29.04.1993, publicado mediante Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do día 04.05.1993 (DOGA 10.05.1993) como “Subsanación de deficiencias da adaptación do PXOU 1988 á Lei Galega 11/1985” (LASGA); e,*

consecuentemente da necesidade urxente de elaborar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo adaptado ó novo marco xurídico estatal e á Lei do Solo de Galicia, que de unha resposta adecuada ós problemas urbanísticos existentes, coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sostible e contribuir ó progreso económico e social de Vigo e mellora-la calidade de vida dos cidadáns.

II.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo entre as que se atopan a intervención nos procesos de planeamento xeral a través dos informes preceptivos que debe emitir en virtude da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Tamén asume a Consellería, unha labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

Entre esas labores de fomento cabe sinalar a concesión de axudas ás entidades locais para a formulación de planeamento urbanístico.

III.- O Concello de Vigo ten atribuída a competencia para formular, tramitar seu Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como, en virtude do disposto polo artigo 51.2 da Lei do Solo, para a súa aprobación definitiva.

En data 18.12.2015, o Pleno do Concello de Vigo adoptou o seguinte acordo: “Primeiro: Proceder á elaboración dun novo Plan xeral de Ordenación Municipal adaptado a lexislación vixente que substitúa ao actual Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de Abril, de Adaptación da do Solo de Galicia” conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coa lexislación do solo, ambiental e sectorial de aplicación. Segundo: Encomendar á Xerencia Municipal de Urbanismo a tramitación do procedemento de aprobación do novo PXOM e a realización dos traballos necesarios para a elaboración dos traballos necesarios para a elaboración do novo documento, sen prexuízo da contratación daqueles traballos ou asistencias que, de ser o caso, resultasen precisas a tal efecto”.

Entre os meses de xaneiro de 2016 e febreiro de 2017 os servizos técnicos e xurídicos municipais da XMU de Vigo solicitaron todos os informes preceptivos e redactaron o Documento Inicial Estratéxico e o Documento de prioridades do Borrador do Plan, que deberán ser completados cas novas determinacións e escalas de traballo introducidas polo Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

IV.- O 9 de febreiro de 2017 publicouse a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación que contén, no seu Título IV “Medidas provisionais de ordenación urbanística”. Esta lei habilita un procedemento “ad hoc” de aplicación para os casos nos que, tras a declaración xudicial de nulidade dun planeamento urbanístico, se producise, como consecuencia, a reviviscencia dun planeamento anterior que non respondera ao actual modelo de cidade nin á realidade urbanística existente e cuxa aplicación resultase incompatible cos obxectivos do benestar socioeconómico polo que deben velar as Administracións Públicas.

O Concello de Vigo remitiu o 21.04.2017 a Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e Estudio das Medidas Provisionais de Ordenación previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, solicitando a emisión do informe urbanístico e do informe ambiental referidos no artigo 88.2 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Ordenación.

A tramitación e aprobación de esta ordenación provisional, obriga os concellos a tramitación dun novo plan xeral de ordenación municipal nos prazos establecidos no artigo 87.2 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro. Prazos máximos que o Concello de Vigo comprométese a cumprir e que delimitan a vixencia de este convenio.



Consideran os asinantes que o proceso de formación do Plan Xeral iniciado polo Consello debe realizarse coordinadamente entre ámbalas dúas administracións, a través da colaboración no proceso de elaboración do planeamento e respecto no exercicio das súas competencias respectivas.

Por todo o anterior as partes intervintes acordan formaliza-lo presente convenio, para establecer as obrigas e dereitos da cada unha delas, aténdose ás seguintes

## CLÁUSULAS

### CLÁUSULAS PRIMEIRA. - OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a continuación dos traballos de redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

A colaboracións financeira das dúas administracións no seu conxunto será, entre ambas, por unha cantidade equivalente ao importe de adxudicación do contrato correspondente aos traballos de redacción da revisión do devandito plan, por unha cifra nunca superior a cantidade de un millón cen mil euros (1.100.000,00 €), un millón trescentos trinta e un mil euros (1.331.000 €) ive incluído, nos termos previstos nas cláusulas segunda e terceira do presente convenio.

### CLÁUSULA SEGUNDA. - COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír ó financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha subvención correspondente a unha cantidade máxima de seiscentos sesenta e cinco mil cincocentos euros (665,500 euros), con cargo á aplicación orzamentaria correspondente dos Orzamentos Xerais para 2018, que en ningún caso superará o 50% do custo total dos traballos de redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, sen prexuízo do establecido no apartado 2 da presente cláusula, e distribuídas nas seguintes anualidades, vinculadas ao cumprimento das seguintes fases:

Anualidade de 2018: adxudicación dos traballos de redacción do PXOM: ata un máximo de 133.100 €.

Anualidade de 2019: presentación do Borrador do PXOM para o inicio da avaliación ambiental estratéxica: Ata un máximo de 133.100 €.

Anualidade de 2020: Aprobación Inicial do PXOM polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública: Ata un máximo de 199.650 €.

Anualidade de 2021: Aprobación Provisional do PXOM polo órgano municipal competente e, logo do informe previo a aprobación definitiva da Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo, aprobación definitiva do PXOM polo órgano municipal correspondente: Ata un máximo de 199.650 €.

O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado cinco da cláusula terceira, de xeito tal que a achega correspondente ao ano 2018 ten a consideración de anticipo, e o seu período de xustificación rematará o día 30 de novembro do ano 2018, e as anualidades dos exercicios 2019, 2020 e 2021 xustificaranse cada unha delas antes do día 30 de novembro de cada un dos respectivos exercicios.

A tales efectos, e respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando

condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o 50% do custo da redacción da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, unha vez que polo Concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos segundo as fases, e dentro das anualidades establecidas no presente convenio, que estean establecidas no prego de cláusulas administrativas polo que se rexa o correspondente contrato de asistencia para a continuación da redacción do Plan, despois da conformidade da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Os aboamentos parciais/anticipados que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 50% da porcentaxe do gasto subvencionable.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio, no caso de existir baixas de contido económico sobre o orzamento de licitación derivadas da adxudicación dos devanditos contratos por prezo inferior ao orzamento de licitación, o importe correspondente ás citadas baixas poderá destinarse, en proporción ás achegas de cada unha das administracións asinantes, a financiar as eventuais modificacións dos contratos adxudicados que resulten procedentes segundo o disposto na lexislación de contratos do sector público e nos pregos que rexan as correspondentes contratacións, sempre que tales actuacións non superen a cantidade máxima establecida na cláusula primeira deste convenio.

3.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, reservase o dereito a coñecer o estado de execución dos traballos en calquera momento, durante a mesma.

4.- Coñecer ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Vigo, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3ª e seguintes do devandito artigo 27.

#### CLÁUSULA TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO.

O Concello de Vigo asume os seguintes compromisos:

1.- Realizar as actuacións oportunas para a adxudicación do contrato de redacción da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, así como as restantes actuacións previstas no apartado 1 da cláusula segunda do convenio, ata a total redacción da revisión do Plan Xeral, xustificando os traballos e as actuacións realizadas, así como os gastos pagados nos termos previstos no presente convenio. Comprométese así mesmo, a incorporar na Mesa de Contratación un técnico en representación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con voz e con voto.

Como órgano de contratación, asume o compromiso da esixencia do cumprimento de prazos ó adxudicatario e da correspondente xustificación ós efectos de pagamentos das axudas, dentro das anualidades establecidas neste convenio, perante a Consellería.

2.- Facilitaralle o acceso a todo tipo de información, que teña relación co obxecto do presente acordo, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

3.- Contribuír ó financiamento da mesma cunha achega do 50% do custo total da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, estimado en de dun millón cen mil euros (1.100.000,00 €),

un millón trescentos trinta un mil euros (1.331.000 €) IVE incluído. Distribuídos en anualidades idénticas as establecidas na cláusula Segunda apartado 1 do presente convenio.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio, no caso de existir baixas de contido económico sobre o orzamento de licitación derivadas da adxudicación dos devanditos contratos por prezo inferior ao orzamento de licitación, o importe correspondente ás citadas baixas poderá destinarse, en proporción ás achegas de cada unha das administracións asinantes, a financiar as eventuais modificacións dos contratos adxudicados que resulten procedentes segundo o disposto na lexislación de contratos do sector público e nos pregos que rexan as correspondentes contratacións, sempre que tales actuacións non superen a cantidade máxima establecida na cláusula primeira deste convenio.

O Concello de Vigo asume a obriga de financiar a súa conta, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir, así como calquera incremento adicional que sobre a cantidade total prevista na cláusula primeira, poda producirse, sen que a Xunta aporte, en ningún caso cantidade adicional algunha á determinada como máxima na cláusula segunda, apartado 1 do convenio, é dicir, seiscentos sesenta e cinco mil cincocentos euros (665,500 €), todo elo sen prexuízo do disposto na cláusula segunda apartado 2 deste convenio.

4.- Para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a remisión á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio do documento do Plan Xeral identificado coa dilixencia de teren sido aprobado definitivamente polo pleno do concello; e a posterior entrega na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia, será requisito suficiente como xustificación plena de execución dos traballos obxecto da axuda.

5.- Realizar ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) No momento en que se procedese ao pagamento dos traballos de redacción da revisión do plan ao contratista adxudicatario da correspondente contratación, segundo o previsto na lexislación de contratos do sector público así como nos pregos que rexan o devandito contrato, copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda, segundo as fases previstas na cláusula segunda.

Respecto da achega correspondente ao ano 2018, que terá a consideración de anticipo, unha vez adxudicados os traballos de redacción, será de aplicación o disposto no artigo 3, apartado 2 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, segundo o cal " no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".

A tales efectos, enténdese que o período de xustificación desta subvención finaliza o día 30 de novembro do ano 2018.

A data límite de presentación da referida documentación xustificativa nas dependencias citadas, establécese no día 30 de novembro de cada unha das anualidades establecidas no presente convenio.

6.- Facilitar, se fose a caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Concello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7.- Comunicar á Dirección Xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

8.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

9.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 de Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

10.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1ª, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións sen que en ningún caso o total das axudas percibidas poda superar o 100% das axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Asimesmo, o concello ven obrigado ao cumprimento do disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e especialmente no relativo á Base de Datos Nacional de Subvencións .

11.- O Concello de Vigo presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidades Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

#### CLÁUSULA CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de seiscientos sesenta e cinco mil cincocentos euros (665,500.00 €), que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de Vigo, contra a presentación por este da documentación prevista, relativa aos traballos executados, segundo as fases previstas no contrato; e tendo en conta o establecido no punto (ii) do apartado 5 da cláusula terceira. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais e/ou anticipados ata o 50% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 5 da cláusula terceira.

Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións de execución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Asemade, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación da tales fondos ás

actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, limitándose a súa contribución económica aos límites pactados no mesmo.

#### CLÁUSULA QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais e convencional lle impón verbo destes.

#### CLÁUSULA SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por seis membros, tres por cada unha das partes asinantes do presente documento.

A Comisión estará formada:

- a) Por parte da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia:
  - a. Excm.a Sra. Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia,
  - b. Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de dita Consellería
  - c. Subdirector Xeral de Urbanismo de dita Consellería.
- b) Por parte del Concello de Vigo:
  - a. Concelleira de Urbanismo do Concello de Vigo.
  - b. Xerente de la Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.
  - c. Xefa de Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo

#### CLÁUSULA SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

1.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas á comisión de seguimento, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

2.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, d o 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo. O incumprimento dos prazos só será determinante da rescisión se fose imputable ao concello de forma dolosa.

4.- O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

**CLÁUSULA OITAVA. OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL.**

*En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se subvencións de Galicia, a entidade local aprobará, con carácter previo a sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública de Comunidade Autónoma.*

**CLAÚSULA NOVENA. PUBLICIDADE.**

*A sinatura de presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº149 do 3 de agosto).*

**CLÁUSULA DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.**

*A vixencia do presente convenio esténdese ata o ano 2021 no que se prevé o remate dos traballos, cando sexan recibidos, de conformidade, polo Concello.*

*E en proba da súa conformidade, asínano por duplicado e a un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.”*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez